



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso práctico sobre responsabilidade patrimonial das entidades locais

CONVOCATORIA: Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/03/2020 - 08:00h ao 01/04/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A análise da normativa sobre a responsabilidade patrimonial, dos procedementos administrativos para a súa efectividade e das súas diferentes dimensións (polo funcionamento anormal do servizo público, de autoridades e persoal ao servizo das administracións, do Estado lexislador, por actos de concesionarios e contratistas).

A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que tramite calquera tipo de expediente relativo á existencia de responsabilidade patrimonial perante o órgano ou dependencia en que prestan servizos.

Por outra banda, na regulación do procedemento de existencia de responsabilidade patrimonial existen múltiples aspectos non resoltos na normativa, tales como as causas e os prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación, a función dos órganos consultivos, a cuantificación dos danos, o concepto de nexo causal, os propios requisitos para apreciar un funcionamento anormal dun servizo, o caso fortuíto ou forza maior... e que dan lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente ten que coñecer aquel persoal funcionario que, ordinaria ou eventualmente, participa na tramitación deste tipo de expedientes. Neste curso realízase unha análise práctica dos diferentes supostos, partindo dos máis recentes pronunciamentos xurisprudenciais na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consello de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia e do sector público autonómico.

Preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da Administración local dos grupos A1 e A2 que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución deste tipo de expedientes.

PROGRAMA

Tema 1. O Consello Consultivo de Galicia e as entidades locais: relacións e colaboración institucional.

Tema 2. Regulación actual, características e presupostos da responsabilidade da Administración.

Tema 3. Procedementos en materia de responsabilidade patrimonial:

– Procedemento ordinario.

– Procedemento abreviado.

Tema 4. A responsabilidade de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas.

Tema 5. A responsabilidade de contratistas e concesionarios.

Tema 6. A responsabilidade por actos de natureza lexislativa.

Tema 7. A responsabilidade patrimonial por actuacións urbanísticas I.

Tema 8. A responsabilidade patrimonial por actuacións urbanísticas II.

Tema 9. A responsabilidade patrimonial sanitaria: especialidades.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia e do sector público autonómico.
Preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da administración local dos grupos A1 e A2, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución de este tipo de expedientes.
Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 04/05/2020 a 04/06/2020

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 08/06/2020 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE